

NORMATIVA DE TRANSFERENCIA E RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS PARA TITULACIÓN ADAPTADAS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR (EEES)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais determina que as universidades elaborarán e farán pública á súa normativa sobre o sistema de recoñecemento e transferencia de créditos; así mesmo defínense estes conceptos e os seus principais efectos no contexto das novas ensinanzas universitarias oficiais.

En cumprimento do disposto polo artigo 6 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais o Consello de Goberno da Universidade de Vigo na súa sesión de acordou aprobar a presente normativa de transferencia e recoñecemento de créditos.

Artigo 1.- Da transferencia de créditos

1.1.-A transferencia de créditos consiste na inclusión nos documentos académicos oficiais acreditativos das ensinanzas seguidas por cada estudante da totalidade dos créditos por el/ela obtidos nos ensinos oficiais cursados con anterioridade, na mesma ou outra universidade, que non conduzan á obtención dun título oficial.

1.2.-A Universidade de Vigo transferirá ao expediente académico do seu estudiantado, previo pedimento do/a interesado/a, todos os créditos obtidos nas ensinanzas oficiais cursadas nesta universidade ou noutra universidade do EEES.

Artigo 2.- Do recoñecemento de créditos

2.1.-O recoñecemento de créditos consiste na aceptación pola universidade dos créditos que, sendo obtidos nos ensinos oficiais, na mesma ou outra universidade, son computados noutros ensinos distintos para os efectos da obtención dun título oficial.

2.2.-Os criterios xerais de recoñecemento son aqueles que fixe o Goberno e, no seu caso, concrete a Universidade de Vigo.

Cada titulación poderá establecer os criterios específicos adecuados a cada unha delas e que serán recollidos nunha Resolución Reitoral. Estes criterios serán públicos e vincularán ás resolucións que se adopten.

2.3.-O recoñecemento de créditos nos ensinos universitarios oficiais de Grao deberá respectar as seguintes regras básicas:

- a) Sempre que a titulación de destino pertenza á mesma rama que a de orixe, serán obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes a materias de formación básica da dita rama.
- b) Serán tamén obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes a aquelas outras materias de formación básica cursada pertencentes á rama de destino.

- c) O resto dos créditos serán recoñecidos pola universidade tendo en conta a adecuación entre as competencias e os coñecementos asociados ás restantes materias cursadas polo/a estudante e os previstos no plan de estudos ou ben que teñan carácter transversal

2.4. O recoñecemento de créditos nos ensinos universitarios de máster oficiais deberá respectar as seguintes regras:

- a) Serán competencias recoñecibles por materias, módulos e complementos formativos do programa dos estudos de máster calquera estudo universitario, perfil académico ou profesional coincidentes coas competencias e coñecementos que se impartan no máster así determinado mediante a correspondente resolución reitoral, de conformidade cos órganos académicos destes estudos.
- b) Os módulos, materias e complementos de formación recoñecidos por resolución reitoral consideraranse superados a todos os efectos e figurarán no expediente do alumnado.
- c) Solo se poderán recoñecer estudos correspondentes aos segundos ciclos de ensinanzas conducentes ás titulacións de Licenciado, Enxeñeiro e Arquitecto.

Artigo 3.- Unidade de recoñecemento

A unidade de recoñecemento será o crédito, sen prexuízo de poder recoñecer materias ou módulos completos. No expediente figurarán como créditos recoñecidos e teranse en conta aos efectos de considerar realizados os créditos da titulación.

Artigo 4.- Sistema de recoñecemento

4.1.- Para determinar o recoñecemento de créditos correspondentes a materias non recollidas nos artigos 2.3.a), 2.3.b) e 2.4) teranse en conta os estudos cursados e a súa correspondencia cos obxectivos e competencias que establece o plano de estudos para cada módulo ou materia. A universidade acreditará mediante o acto de recoñecemento que o/a alumno/a ten acreditadas as competencias da titulación e o cumprimento de parte dos obxectivos da mesma nos termos definidos no EEES.

4.2.- Para estes efectos cada Centro/Titulación poderá establecer táboas de equivalencia entre estudos cursados noutras universidades e aqueles que lle poidan ser recoñecidos no plan de estudos da propia universidade. Nestas táboas especificaranse os créditos que se recoñecen e, de ser o caso, as materias ou módulos equivalentes ou partes de materias ou módulos e os requisitos necesarios para establecer a súa superación completa.

Igualmente estableceranse táboas de equivalencia entre as titulacións anteriores ao Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, e as titulacións adaptadas a esta normativa.

Estas táboas aprobaranse por Resolución Reitoral e faranse públicas para coñecemento xeral.

4.3.- A universidade poderá recoñecer directamente ou mediante convenios, titulacións estranxeiras que dean acceso a titulacións oficiais da Universidade de Vigo ou establecer neses convenios o recoñecemento parcial de estudos estranxeiros.

A Universidade de Vigo dará adecuada difusión destes convenios.

4.4.- Ao/á alumno/a comunicaránselle os créditos recoñecidos e o número de créditos necesarios para a obtención do título, segundo as competencias acreditadas e segundo os estudos de procedencia do alumnado. Tamén poderá especificarse a necesidade de realizar créditos de formación adicional con carácter previo ao recoñecemento completo de módulos, materias ou ciclos.

Artigo 5.- Da solicitude do recoñecemento de créditos

5.1. O recoñecemento de créditos realizarase de acordo co procedemento que estableza a Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea.

5.2. O prazo para a presentación da solicitude do recoñecemento de créditos establecerase no procedemento que estableza a Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea.

5.3. Os expedientes de solicitude de recoñecemento de créditos serán resoltos polo Reitor, que delegará nos Decanos/Directores, e informados pola Comisión de Avaliación do Centro/Titulación. Nos casos de créditos de materias de formación básica ou a existencia de táboas de recoñecemento, a área académica do Centro/Titulación resolverá directamente a petición.

Artigo 6.- Suplemento Europeo ao Título

Todos os créditos obtidos polo/a estudante en ensinos oficiais cursados en calquera universidade, tanto os transferidos, os recoñecidos e os superados para a obtención do correspondente título, serán incluídos no seu expediente académico e reflectidos no Suplemento Europeo ao Título.

Artigo 7.- Recoñecemento de estudos anteriores ao Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro

O procedemento e criterios para o recoñecemento parcial de estudos de titulacións de Diplomado/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou equivalentes para fornecer efectos en titulacións adaptadas ao EEES serán os establecidos nesta normativa.

Artigo 8.- Recoñecemento doutros estudos ou actividades profesionais

Conforme os criterios e directrices que fixe o Goberno e o procedemento que fixe a Universidade poderán ser recoñecidos como equivalentes a estudos universitarios a experiencia laboral acreditada, as ensinanzas artísticas superiores, a formación profesional de grao superior, as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior, as ensinanzas deportivas de grao superior e aquelas outras equivalentes que estableza o Goberno ou a Comunidade Autónoma.

Artigo 9.- Recoñecemento ao amparo do artigo 46.2.i da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades

Os/as estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación ata un máximo de 6 créditos do total do plano de estudos cursado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A facultade de interpretación da presente normativa é competencia exclusiva da Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea

No non regulado nesta norma estarase ao disposto nas normas de xestión académica.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

1.- A validación de estudos para titulacións non adaptadas ao EEES seguirá rexéndose pola normativa destes estudos.

2.- A validación de estudos nos Programas Oficiais de Posgrao desenvolvidos ao abeiro do Real Decreto 56/2005, de 21 de xaneiro, e modificado polo Real Decreto 1509/2005, de 16 de decembro regularase pola presente normativa e pola súa regulación específica.


DISPOSICIÓN FINAL

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade

Dilixencia para facer constar que esta Normativa foi aprobada no Consello de Goberno do día 23-07-2008.

Vigo, 24 de xullo de 2008

A Secretaría Xeral



Esther González Pillado